

BASES DA CONVOCATORIA

ADHESIÓN DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS DE FERROL AO PROXECTO DE EMERXENCIA SOCIAL

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O obxectivo é que as persoas que non teñen recursos económicos dispoñan dun instrumento áxil que lles permita acceder a unha diversidade de alimentos tanto frescos como non perecederos e produtos básicos de primeira necesidade. Cos vales de alimentación dispensados directamente polos establecementos comerciais se da acceso á cobertura de necesidades básicas dunha forma que favorece a dignidade e respeta a liberdade de elección da persoa. Para acadar este obxectivo desde os servizos sociais do concello se solicita a colaboración dos establecementos comerciais de Ferrol que se queiran adherir como “tenda alimentaria solidaria”.

A clave deste acordo está na procura da dignificación das persoas no acceso aos recursos desde unha perspectiva integradora.

No futuro os vales de papel serán substituídos por unha tarxeta monedeiro, ferramenta máis axil e normalizadora.

2.- PARTICIPANTES:

Mercados municipais

Establecementos comerciais de proximidade

Superficies comerciais de cadenas de alimentación

3.- PRODUCTOS QUE SE PODEN ADQUIRIR:

Alimentos perecederos frescos: peixe, carne, fruta, verduras, iogur

Alimentos non perecederos: conservas, legumbres, etc

Productos básicos de hixiene persoal e da vivenda (non entran cremas, tintes, suavizantes, ...)

4.- DEBERES DOS ESTABLECEMENTOS COMERCIAIS:

Os establecementos que desexen ter a consideración de tenda alimentaria solidaria deberán asinar un convenio de colaboración co Concello de Ferrol e os compromisos inclúen:

- Canxe dos vales de alimentos para o subministro de alimentos e produtos básicos ás persoas que acudan cun vale asinado polo concello de Ferrol e pola contía indicada en dito vale.
- Aceptación do método de pago que é contra presentación de factura mensual de cada establecemento polo importe total do gasto realizado polas persoas derivadas dos servizos sociais acompañando dita factura dos tickets de compra e dos vales entregados.
- Los establecementos comerciais disporán dos medios para que os vales do concello soamente sexan canxeables polos produtos de alimentación e hixiene básica e da vivenda.

5.- DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS:

Adquirir exclusivamente os alimentos e produtos básicos para os que foi destinada a axuda

Participar no seguimento definido polo/a profesional social de servizos sociais e dar conta, acreditando ante dito profesional o uso da axuda do concello

6.- SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NO PROXECTO “Tenda alimentaria solidaria”

As entidades de alimentación que desexen participar no proxecto deberán presentar a solicitude de adhesión que se achega como anexo ben directamente no rexistro do concello ou ben mediante email na dirección:

O concello de Ferrol asinará un convenio de colaboración con cada entidade e otorgará un distintivo para que quede constancia da colaboración e sirva como identificación ás persoas usuarias.

Ferrol, 16 de novembro de 2016

A Concelleira delegada da Área de Mocidade, Benestar Social, Muller e Igualdade